

A PRECARIEDAD LABORAL NO SECTOR SERVIZOS

Catro son algunhas das múltiples caras da precariedade laboral que dan lugar a que nestes momentos prolifere o colectivo de “traballadores pobres”.

O excesivo uso da modalidade de tempo parcial no que en ocasións existen tres contratos ou máis para cubrir un posto de traballo que debería corresponder a un contrato a tempo completo e cunha flexibilidade a medida do empresario que non lle permite ao traballador compatibilizar con outro contrato.

Os colectivos que tras a reforma laboral viron como os seus convenios quedaban sen asinar ou renovar coa consecuencia de ver cada vez máis minguado a súa poder adquisitivo.

A rebaixa nas condicións laborais dos propios convenios colectivos que á calor da crise deixaron en condicións moi precarias aos traballadores que se lle aplican. Agora que se di que está a mellorar a situación económica xeral, deberá reverterse este proceso e que cheguen ao traballadores salario e condicións de traballo dignos, reactivando ao mesmo tempo con esta formula a economía xeral.

A proliferación de empresas multiservizos que rebaixan totalmente as condicións laborais, en relación cos traballadores das empresas principais para as que traballan. A pesar de varias sentenzas que veñen dar a razón anulando convenios colectivos de empresa, segue sendo preocupante o incremento deste tipo de empresas e a competencia á baixa que están a realizar entre se, chegando a pagar cinco euros ou menos por hora de traballo.

Esta realidade obríganos como sindicato a afrontar a situación e poñer todos os medios ao noso alcance para conseguir darlle a volta. Temos que seguir loitando para mellorar as condicións de traballo das empresas multiservizos, dinamizar as mesas de negociación, reverter os retrocesos dos convenios colectivos e loitar para que a contratación a tempo parcial sexa única e exclusivamente para cubrir necesidades de traballo a tempo parcial.

AVAIS PARA A RESOLUCIÓN PRESENTADA POLA DELEGACIÓN DE
PONTEVEDRA TITULADA “A PRECARIIDADE LABORAL NO SECTOR
SERVIZOS”

[illegible]